

Orde do 22 de marzo de 2005 pola que se convoca a V edición do premio A empresa en favor da familia.

O Decreto 80/2002, do 7 de marzo, da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, polo que se regula o premio *A empresa en favor da familia* (DOG nº 57, do 21 de marzo), establece no seu artigo 5 que o dito premio será convocado por orde da citada consellería e terá unha periodicidade anual.

En consecuencia, e en uso das atribucións que teño conferidas e con fundamento no decreto invocado,

DISPOÑO:

Artigo único.-É obxecto da presente disposición a convocatoria do premio *A empresa en favor da familia* na súa quinta edición e o establecemento das bases que rexen a dita convocatoria, sinaladas no anexo.

Disposición derradeira

A presente orde entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2005.

Pilar Rojo Noguera
Conselleira de Familia, Xuventude, Deporte
e Voluntariado

ANEXO

Bases

Primeira.-O citado premio destínase a estimular e recoñecer as empresas que promovan e realicen as accións que potencien un mundo laboral que teña en conta os intereses da familia e coadxuve na conciliación da vida familiar e laboral.

Segunda.-O premio, que ten carácter exclusivamente honorífico e non leva consigo ningún tipo de dotación económica, dará dereito a un diploma e a unha placa conmemorativa.

Terceira.-Poderán ser destinatarios do premio as persoas físicas ou xurídicas que exerzan calquera actividade mercantil na Comunidade Autónoma de Galicia e teñan desenvolvido accións orientadas á protección da familia.

Cuarta.-As candidaturas, propostas polos membros do xurado ou presentadas directamente polos destinatarios desta orde, mediante escrito dirixido á Dirección Xeral de Familia ata o día 15 de abril, irán acompañadas dunha memoria explicativa dos valores e méritos de cada unha delas, que lles permita aos membros do xurado valorar cada proposta.

Quinta.-O exame das memorias presentadas e, se é o caso, a proposta do premio corresponderalle a un xurado seleccionador. A composición deste axustarase ao establecido no artigo 6 do Decreto 80/2002,

do 7 de marzo, polo que se establece o premio *A empresa en favor da familia*.

Sexta.-O procedemento de actuación do xurado será o seguinte:

1. O xurado será convocado pola presidenta, podendo xuntarse tantas veces esta o coide oportuno.

2. Para a válida constitución do órgano, para os efectos da realización de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza da presidenta e o secretario/a e a da metade, polo menos, dos seus membros.

3. O xurado adoptará os seus acordos por maioría de votos, dirimindo o voto de calidade da presidenta en caso de empate. A decisión do xurado será inapelable.

4. O xurado poderá declarar o premio deserto.

5. Correspóndelle ao secretario/a do xurado levantar acta das sesións.

A proposta do xurado elevarase á conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, que resolverá. A resolución da concesión do premio, que pon fin á vía administrativa, publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

A entrega do citado premio rexerese polo disposto no artigo 7 do citado decreto. A dita entrega terá lugar o 18 de maio do presente ano, coincidindo coa celebración do Día Mundial da Familia.

Sétima.-A convocatoria, as súas bases e todos cantos actos administrativos deriven dela, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Orde do 17 de marzo de 2005 pola que se aproba a delimitación e a determinación dos materiais de base para a produción de materiais forestais de reprodución de Alnus glutinosa (L) Gaertner, Betula pubescens Ehrh, Castanea sativa Mill, Fagus sylvatica L., Fraxinus angustifolia Vahl., Pinus Pinaster Ait., Pinus radiata D. Don., Prunus avium L., Quercus ilex L., Quercus pyrenaica Wild, Quercus robur L., Quercus suber L., Sorbus aucuparia L. e Ulmus glabra Huds no territorio da Comunidade de Galicia.

A publicación do Real decreto 289/2003, do 7 de marzo, sobre comercialización dos materiais